

O HOME QUE MATOU A FRANCO

A Camilo Dios

Aquela maña, o motor do Land Rover do señor Camilo entrou na paz dos nosos xogos e rachou a monotonía. Apeouse do coche cun entusiasmo convulso e o primeiro que lle vin foi o sangue na roupa e nas mans. O nervio das súas palabras convocounos a todos e, nunha bíblica multiplicación, cadrámonos diante del, do meu vecino comunista de sempre, do rapaz que, segundo contaban os vellos en conversas furtivas, fora condenado a morte por participar nunha liorta coa Garda Civil nos arredores de Ourense, pena que lle retiraran pola súa curta idade.

O señor Camilo, o pai do meu amigo Nené, ergueu a voz como para que o escoitase alguén mais lonxe, e espetou no acougo da maña:

—Mateino.

A xorda violencia das suas palabras, acompañada da ofensa alegre da súa risa, axotounos aos rapaces que nos afastamos do furgón onde debía de estar o corpo do delito. Algúns adultos asomaron a curiosidade as fiestras e unha voz, coma unha andoriña desnortada, caeu dende o quinto andar.

—A quen mataches, Camilo?

—A Franco.

A alegría numerosa da noticia voou de peitoril en peitoril e os maiores deron en baixar das súas casas para rodearen o Land Rover. A expectación acadou unha solemne ansiedade, sobre

todo para os mais novos que non sabíamos ben quen era ese Franco do que tanto se falaba nas casas e nos transistores.

A ollada do señor Camilo amasaba un brillo duro que puña medo, e nin tan sequera Nené foi quen de se achegar onda o sea pai que, de súpeto, coas mans ensanguentadas, abriu a porta traseira para arrastrar unha vítima peluda que deixou caer no chan.

Para moitos dos que alí estábamos era a primeira vez que víamos un lobo, ese animal terrorífico que adoitaba entrañarse nos nosos soños coas súas gadoupas malvadas. E, malia que a decepción dos maiores se debuxou axiña nos rostros, os rapaces estivemos toda a tarde a par do animal, observando a súa cabeza aguzada, as orellas tesas, o dentame belicoso e o seu rabo longo e peludo. Afixémonos de tal xeito á súa presenza que mesmo os máis cagainas comezamos a lle sobar o seu pelo pardo con caricias veloces.

Pero ao día seguinte, cando xa retiraran o lobo e o incidente ficara rexistrado na historia das Casas Baratas, entrei na casa de Nené para xogarmos ao parchís e vin alí o seu pai, o señor Camilo, afundido no sofá, diante da radio, escoitando o parte que puña nos beizos dunha voz apesurada a nova de que Franco morrera. O comunista estrangulou unha gargallada na boca porque o lobo caía morto na radio da súa casa, e, tras encetar un puro, mirou para min coa oferta cómplice do seu sorriso homicida.

Antón Riveiro Coello